

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de decembro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudosio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1733).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de novembro e extraordinaria e urxente do 19 de novembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1734).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “CATERÍNG DON PEPE” E “VIGUESA DE TRANSPORTES” COMO CONSECUENCIA DA CELEBRACIÓN DA FEIRA MUNDIAL DE PESCA. EXPTE. 6189/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 16 de novembro asinado polo xefe de Protocolo e RRPP, coa conformidade da concelleira delegada de Facenda, visto o informe do interventor xeral de data 16 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran nas facturas seguintes:

	Nº FACTURA	FECHA	IMPORTE	MOTIVO
CATERING DON PEPE	09C/131	21/09/2009	56.785,80	SERVIZO CATERING RECEPCIÓN OFICIAL DA WFE
VIGUESA DE TRANSPORTES	U/83	21/09/2009	7.415,25	TRANSPORTES VIAXEI-ROS PARA WFE
TOTAL			64.201,05	

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “Catering Don Pepe B.27710714” e “Viguesa de Transportes B-36693778”, por importe de 64.201,05 euros IVE incluído.

Terceiro.- Dispoñer o gasto a favor de “Catering Don Pepe B.27710714” e “Viguesa de Transportes B-36693778”, por importe de 64.201,05 euros IVE incluído, do orzamento actualmente en vigor.

**3(1735).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2185/02, 2308/04, 21/04, 1567/11.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Carrera Gómez. Expte. 2185/02.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Sanromán. Expte. 2308/04.
- D<sup>a</sup>. Margarita Alonso Villar. Expte. 21/04.
- D<sup>a</sup>. Herminia Clavería Jurio. Expte. 1567/11.

**4(1736).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 2264/02.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D<sup>a</sup>. Pilar Collarte Collarte. Expte. 2264/02.

**5(1737).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA. EXPTE. 47754/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de outubro de 2009 emitido pola técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, coa conformidade do xefe de Benestar Social e máis da concelleira delegada, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica con data 23.11.09 e máis pola Intervención Xeral con data 27.11.09, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Aprobar o Protocolo de actuación do servizo-”Xantar na Casa” para a súa xestión dende 15 de outubro do 2009 ata o 15 de outubro de 2010.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 79.200,00 € con cargo a partida 3130.2260807 “Xantar na Casa”, desta cantidade imputarase 16.500,00€ ao ano 2009 e 62.700.00€ ao ano 2010.

Cuarto.- Designar a diplomada en traballo social M<sup>a</sup> Jesús Sanromán Varela, como a Coordinadora por parte do Concello de Vigo para o programa “Xantar na Casa”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DO CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE VIGO**

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D.<sup>a</sup> Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG do 7 de xullo de 2006.*

*Doutra parte, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro, actuando en representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por Decreto de Delegación de data de 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto*

## EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

II.- Que o Consorcio está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, o programa “Xantar na Casa”, un servizo de comida a domicilio promovido e financiado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar e cos concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

- Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguemento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

III.- Que o Concello de Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007 e manifestou a súa vontade de formar parte da implantación do programa “Xantar na Casa” con data de 11 de setembro de 2008.

IV.- Que con data de 15 de outubro de 2008 o Consorcio e o Concello asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no concello.

V.- Que con base no anterior, e co fin de continuar o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no concello, ambas partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un novo CONVENIO DE COLABORACIÓN coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

*Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no mesmo.*

### SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

*Son beneficiarias do programa “Xantar na Casa” as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:*

- 1º) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.*
- 2º) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.*
- 3º) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.*

### TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA

*O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais e a aprobación polo órgano municipal competente, unha relación de, como mínimo 50 futuras persoas beneficiarias do programa e como máximo 110, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria.*

*Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan, debendo garantir durante a vixencia do programa un número mínimo de 50 persoas beneficiarias.*

*No caso de producirse unha baixa no servizo deberá producirse a comunicación dunha nova alta nun prazo non superior a un mes.*

### CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

*O Consorcio desenvolverá o programa “Xantar na Casa” no concello de Vigo segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior.*

*O Consorcio garantirá ás persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.*

*A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada ás súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase un inquérito de calidade con carácter periódico.*

*O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente ás persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.*

*Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará ás persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.*

#### **QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA**

*O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa ás persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa “Xantar na casa”, así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaria competencia dos Servizos Sociais municipais.*

*O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas ás persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.*

*O Consorcio remitirá ao Concello semanalmente un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, puidesen presentarse na prestación do servizo.*

#### **SEXTA.- FINANCIAMENTO E PAGO**

*O custo máximo do servizo de xantar será de 7,5 euros por persoa e día. Desta cantidade a persoa beneficiaria achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio e o Concello faranse con cargo á partida prevista aos ditos efectos nos seus respectivos orzamentos.*

*A parte correspondente ao Consorcio está financiada con cargo á transferencia para tal fin da Secretaría Xeral de Familia e Benestar dependente da Consellería de Traballo e Benestar, financiada a través de convenio co IMSERSO, financiado polo Plan E.*

*Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.*

*O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.*

*O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega, con cargo á partida 3130 2260807, cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.*

#### **SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA**

*O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”.*

*Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e a Concelleira Delegada*

*da Área de Benestar Social do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá, cando menos, unha vez ao ano.*

*A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.*

#### **OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN**

*Os efectos do presente convenio estenderanse, sen solución de continuidade, desde a data de finalización do convenio asinado entre o Consorcio e o Concello o 15 de outubro de 2009.*

*Este convenio terá unha duración de un ano, entendéndose prorrogado tacitamente se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de trinta días.*

*A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.*

#### **NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

*Serán causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*

*No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.*

#### **DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

*A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

*O Consorcio e o Concello comprométese a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser cualificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO**

*Este convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) da Lei 30/2007, do 30 de outubro; podendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.*

*As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na dita comisión someteranse á resolución da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.*

*E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.*

**6(1738).- MODIFICACIÓN DA TRAZA DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA AREAL. EXPTE. 18642/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.11.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

*ANTECEDENTES*

*D. Eloy Garcia Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., adjudicataria da concesión de servizo público para a xestión do aparcadoiro da rúa Areal, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30/04/2009, solicita do órgano de contratación a modificación da planta do aparcadoiro da rúa Areal para proceder á redacción dun novo proxecto construtivo que, excluindo a zona na que é precisa a escavación en área, conte coa aprobación da Consellería de Cultura.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xuño de 2009, acordou “1º.-Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Areal conforme ó Plano presentado por ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., que se adxunta ó presente informe.*

*2º.- Someter a información pública polo prazo de 30 días a modificación prevista no apartado 1º deste acordo”.*

*Durante o prazo de exposición pública do presente expediente foron presentadas alegacións por D. Pedro Rivas Prieto, no seu propio nome e en nome e representación das comunidades de bens HIJOS DE MERCEDES PRIETO, C.B. e NIETOS DE MARÍA PRIETO MORESI, C.B., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 09/09/09.*



*Informan sobre as alegacións presentadas os arquitectos redactores do proxecto, en data 28/10/2009, e o enxeñeiro supervisor das obras, en data 02/11/2009.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteprojectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á ELOYMAR TRANVÍAS,UTE O contrato formalizouse en data 13 de xuño de 2007.*

*Segundo.- O proxecto de construción do aparcadoiro da rúa Areal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 5 de maio de 2008.*

*Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten que autorizar calquera intervención que lle afecte. Esta, en resolución de data 24/10/2008, manifesta que “Tendo en conta que apareceron restos arqueolóxicos de época romana e moderna, deberá realizarse unha escavación arqueolóxica en área continua para determinar a entidade dous restos arqueolóxicos inmóbiles, de cara a súa posible conservación in situ e a viabilidade do aparcadoiro subterráneo, tal como se encontra programado en toda a súa extensión. A escavación arqueolóxica deberá abranguer, como mínimo, a área que envolve as sondaxes 4,5,7,8,9,13,17 e 21, a non ser que se presente un proxecto que exclúa esa zona do aparcamento subterráneo.” En consecuencia, ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., solicita do órgano de contratación a modificación da planta do aparcadoiro da rúa Areal para proceder á redacción dun novo proxecto construtivo que, excluindo a zona na que é precisa a escavación en área, conte coa aprobación da Consellería de Cultura.*

*Terceiro.- O Sr. Rivas, na súa alegación, manifesta que os propietarios do edificio sito na rúa Areal 18, catalogado como “edificio a conservar” polo Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar, considéranse prexudicados por esta modificación e solicita a reubicación de determinados elementos. Así:*

- Situar el paso de peóns actual o máis preto posible do portal do edificio de Areal 18, o que revalorizaría os traballos de rehabilitación e conservación realizados no mesmo.*
- Continuar a humanización prevista nas beirarrúas dende a rúa Colón ata a entrada do edificio.*
- Reubicar a entrada e saída do aparcadoiro a continuación do portal do edificio.*

*Acompaña o seu escrito cun plano que detalla as modificacións propostas.*

*Remitidas as alegacións e o plano das modificacións ós arquitectos redactores do proxecto, estes formulan as seguintes consideracións. Comezan manifestando que son conscientes do valor que, como patrimonio histórico, ten o edificio de Areal nº 18, construído polo arquitecto Jenaro de la Fuente, e entenden que tanto as solucións do proxecto orixinal como as que se derivan da modificación proposta, son respectuosas co devandito carácter. A beirarrúa existente fronte ó edificio non sofre diminución pola actuación prevista (senón todo o contrario) e as solucións formais dadas ó peche de ramplas e escaleiras na zona vinculada a fachada (varandas de cristal de 1 m. aproximadamente), non constitúen unha inclusión agresiva no contorno inmediato no que se sitúa o edificio. A continuación poñen de releve que as modificacións propostas non son aceptables polas seguintes razóns:*

*1) Modificación das ramplas de acceso de vehículos*

*Os propietarios nas súas alegacións non teñen en conta que a lonxitude da rampla baixo rasante é maior que a que se manifesta en superficie, quedando reducida a distancia na 1ª planta a 8,10 m. Dada a necesidade de colocación de maquinaria no seu arranque (control de tickets, barreira, etc.) a distancia resultante é manifestamente insuficiente, producíndose, en todo caso, un cruzamento de tráfico non desexable nese espazo entre os vehículos que acceden e saen do aparcadoiro por devanditas ramplas.*

*2) Disposición do paso de peóns*

*A disposición do paso de peóns xunto ás ramplas propostas, fan que o carril de acceso á rampla de entrada sexa insuficiente e funcionalmente pouco adecuado.*

*3) Modificación da saída de peóns*

*A modificación da saída de peóns, obrigada polo movemento das ramplas, alteraría as condicións de evacuación e acceso ao aparcadoiro.*

*4) Localización do paso de peóns*

*Con respecto á localización do paso peonil, entenden que a localización proposta é máis equilibrada con respecto ó conxunto dos pasos propostos na mazás lindeiras, se ben admiten que caben matices no proceso de acabado de acordo cos servizos municipais e a condición de que o permita o sistema de evacuación de pluviais e a natureza do paso (con recrecido ou a cota).*

*Así mesmo, a xuízo do Sr. Enxeñeiro municipal supervisor das obras, evidenciase que a proposta de modificación da situación das ramplas de entrada e saída de vehículos complicaría innecesariamente ós seus movementos, afectando ó tráfico de superficie, ás condicións de evacuación e acceso de peóns, así como á explotación do aparcamento público. En consecuencia, propón a desestimación das alegacións presentadas por D. Pedro Rivas Prieto.*

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Pedro Rivas Prieto, no seu propio nome e en nome e representación das comunidades de bens HIJOS DE MERCEDES PRIETO, C.B. e NIETOS DE MARÍA PRIETO MORESI, C.B., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 09/09/09.

2º.- Aprobar a modificación da traza do aparcadoiro da rúa Areal conforme ó Plano presentado por ELOYMAR TRANVIAS, U.T.E., que se adxunta ó presente informe.

3º.-Requirir á concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza, para a súa aprobación polo órgano de contratación. A hora de redactar o proxecto, han de terse en conta as seguintes precisións, fixadas polos diferentes servizos municipais con competencias na materia:

- Deberá asumir os desvíos dos servizos soterrados que resulten afectados, nas mesmas condicións en que foron aprobados no proxecto anterior.
- Deberase respectar o contemplado no proxecto inicialmente aprobado en canto a acabados superficiais da humanización da rúa (pavimentación, alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.) e desvío de servizos afectados.
- As entradas e saídas do aparcadoiro -de vehículos e peonís- non poderán afectar ás estruturas arqueolóxicas documentadas.
- Deberá preverse que o novo trazado dos servizos non afecte tampouco ós restos arqueolóxicos inmoables, especialmente ós tanques das salinas romanas.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(1739).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO “SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2010”.EXPTE. 2974/335.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo coa proposta da Mesa de Contratación de data 17 de novembro, e coa conformidade da Intervención Xeral de data 1 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a La Fiesta Escénica S.L. o procedemento negociado con publicidade do “Servizo de deseño e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2010” (expediente 2974/335) por un prezo total de 47.560 euros IVE incluído. Todo o

anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o prego técnico aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13-10-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

3º.- O primeiro pago do prezo do contrato que corresponde ó 80% do importe de adxudicación se efectuará a través da conta habilitada do servizo de Animación Sociocultural, mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura con suxeición ós requisitos legalmente establecidos e da conformidade cos traballos realizados por parte do persoal técnico e do concelleiro de Animación Sociocultural.

4º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

**8(1740).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DE VIGO. EXPTE. 18703/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, o 23.11.09, conformado pola concelleira de Contratación, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de limpeza de colexios e escolas públicas de Vigo, adxudicado a empresa "Limpiezas del Noroeste, S.A." por acordo da XGL de 11 de setembro de 2006, fixando este a partir do 1 de setembro de 2009 a 31 de agosto de 2010, na cantidade de 2.603.455,99 euros/ano.

**9(1741).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 18724/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 21 de xullo de 2009 emitido pola técnica de administración especial de Patrimonio e coa conformidade da concelleira delegada, que conta co selo de fiscalización do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a cuarta- revisión ordinaria de prezos do contrato de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, cuxa adxudicataria é a empresa FCC, S.A., fixando o prezo contractual a partir do 1 de xuño de 2007 ata o 31 de maio 2008, na cantidade de 19.016.336,73 euros/ano.

2º.- Recoñecer á empresa adxudicataria, en concepto de atrasos pola diferenza de prezos entre o prezo revisado da anualidade anterior, é dicir, xuño 2006/2007, e o prezo facturado pola empresa ata agosto de 2009, a cantidade de 1.776.349,86 euros.

**10(1742).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RECICLADORES AUTORIZADOS DOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES. OUTUBRO 2007-AGOSTO 2009. EXPTE. 18725/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 3 de setembro de 2009 emitido pola técnica de administración especial de Patrimonio e coa conformidade da concelleira delegada, que conta o selo de fiscalización do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos, do contrato da concesión administrativa do servizo de contenerización, recollida e transporte de recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables, adxudicado polo Pleno deste Concello en sesión do 1 de agosto de 2003, establecendo o importe a partir do 1 de outubro de 2006 na cantidade de 1.964.471,69 euros/ano, a partir do mes de xaneiro de 2007.

Segundo.- Recoñecer á empresa en concepto de atrasos dende o 1 de outubro de 2006 a 31 de agosto de 2009 a cantidade de 181.932,45 euros.

**11(1743).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RECICLADORES AUTORIZADOS DOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES. OUTUBRO 2006-AGOSTO 2009. EXPTE. 18726/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 3 de setembro de 2009 emitido pola técnica de administración especial de Patrimonio e coa conformidade da concelleira delegada, que conta o selo de fiscalización do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos, do contrato da concesión administrativa do servizo de contenerización, recollida e transporte de recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables, adxudicado polo Pleno deste concello en sesión do 1 de agosto de 2003, establecendo o importe a partir do 1 de outubro de 2007 na cantidade de 2.028.498,83 euros/ano, a partir do mes de xaneiro de 2008.

Segundo.- Recoñecer á empresa en concepto de atrasos dende o 1 de outubro de 2007 a 31 de agosto de 2009 a cantidade de 122.718,80 euros.

**12(1744).- REVISIÓN DA CANTIDADE DE EQUILIBRIO DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUES NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 18781/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, o 5.11.09, conformado pola concelleira de Contratación e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión da cantidade de equilibrio da concesión da Xestión do servizo público de Estacionamento Regulado mediante expendedores de tiques na vía pública ( XER), adxudicado a empresa Dornier S.A., na Xunta de Goberno local de 23 de maio de 2007, fixando dita cantidade a partir do 1 de xullo de 2009 ata o 30 de xuño de 2010 na cantidade de 2.146.406,57 euros.

**13(1745).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA RPE PARA A ORGANIZACIÓN DA IV SUBIDA Ó CASTRO O DÍA 12 DE DECEMBRO. EXPTE. 8959/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 23 de novembro de 2009 emitido polo director técnico de Deportes e coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar, a Asociación Deportiva RP3, a organizar o vindeiro sábado 12 de decembro de 2009, a IV SUBIDA O CASTRO, a partir das 12.00 horas, dende a rúa Canovas del Castillo e atravesando as rúas , Praza do Berbés, Teófilo Llorente, Escalinatas Mercado da Pedra, Praza da Pedra, Praza de Almeida, Cesteiros, Praza da Constitución, Porta do Sol, Escalinatas Edificio Simeón, Paseo de Granda, Praza do Rei, Avda. Das Camelias, Paseo dos Cedros, Paseo de Rosalía de Castro, rematando no Castelo do Castro onde se atopa a meta”.

**14(1746).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO PARA ORGANIZAR A “XLVIII CARRERA PEDESTRE DE NAVIDAD” (CARREIRA DO PAVO)” O 20 DE DECEMBRO. EXPTE. 8927/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 23 de novembro de 2009 emitido polo director técnico de Deportes e coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, a Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, a organizar o vindeiro domingo 20 de decembro de 2009, a XLVIII Carrera Pedestre de Navidad (Carreira do Pavo)”, que terá a saída ás 10.30 horas dende a Praza de Compostela, atravesando distintas rúas do centro da cidade e rematando na Praza de Compostela (frente á cafetería Alameda)”.

**15(1747).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN DO ANO 2009 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 6478/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta emitido con data 26 de novembro polo xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego coa conformidade delegado, visto o documento contable de retención de crédito asinado polo xefe de Contabilidade de data 21 de agosto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder a seguinte axuda económica, por un importe de 2875,00€.

Solicitante	Empresa	CIF	Nº traballadores	Importe da axuda
Marco A. Rodríguez Cordero	QUIDAN OPTICOS, S.L.	B36997286	1	2875

Segundo.- Denegar as seguintes axudas económicas aos solicitantes que de seguido se relacionan:

Solicitante	Empresa	CIF	Motivo de denegación
Josefa Rodríguez González	EKOAMA, S.L.	B36641454	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario no apdo. 1.3, nos puntos 1.3.2 e 1.3.5 das bases reguladoras e convocatoria 2009
José Troncoso Recio	BISCUITS GALICIA, S.L.	B36486454	Incumprimento requisito para obter a condición de beneficiario no apdo. 1.4 das bases reguladoras e convocatoria 2009
Ana Mª Lusquiños González	EMPVIA CONSULTORES, S.L.	B36511392	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario nos apdos. 1.1 e 1.2 da base 1ª das bases reguladoras e convocatoria 2009
Purificación Díaz Freire	EDEA FOTOGRAFÍA Y DISEÑO, S.L.	B27704832	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario nos apdos. 1.1, 1.2 E 1.4 da base 1ª das bases reguladoras e convocatoria 2009
Fco. Javier García Fernández	ONE WORL TRADE, S.L.U.	B36862506	Documentación incompleta

**16(1748).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO-ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD) E A FUNDACIÓN SONDESEU. EXPTE. 11002/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 2.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo -Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad)- e a Fundación Sondeseu, que se inclúe no expediente, para a súa sinatura inmediata.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO - ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (e-Trad) - E A FUNDACIÓN SONDESEU*

*En Vigo, a            de de 2009*

**INTERVEÑEN:**

*Dunha parte, o Concello de Vigo, representado por D. Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente. O Concello de Vigo desenvolve, principalmente a través da Concellaría de Educación, actividades educativas no ámbito da música, entre as que se inclúe a Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad).*

*Doutra parte, D. Anxo Lois García Pintos, na súa calidade de Presidente da Fundación Sondeseu, segundo o establecido na escritura de data dous de febreiro de 2006 e acta da súa Asemblea Xeral de data vintecinco de xaneiro de 2008. A Fundación Sondeseu ten como fin fundamental a promoción e difusión da música tradicional e folk de Galicia.*

*Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.*

**MANIFESTAN:**

*Primeiro- En xuño de 2008, o Concello de Vigo convocou concurso público para o outorgamento da xestión da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, e-Trad, adxudicada polo correspondente procedemento administrativo á oferta gañadora, a da empresa Greda S.L. A e-Trad sitúase, xunto a outras escolas municipais, no ámbito de actuación da Concellaría de Educación. Os principais activos da escola son os seus profesores, os profesionais de máis ampla traxectoria no mundo da música folk e tradicional, con proxección nacional e internacional, vinculados á historia de grupos como Milladoiro, Berrogüetto, Treixadura ou O Fiadeiro.*

*A orixe desta singular experiencia está no Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular, posto en marcha no ano 1995, froito do traballo e experiencia adquirida a partir do Obradoiro de Instrumentos Populares Galegos, responsabilidade de Antón Corral dentro da nova estrutura da Universidade Popular, que na década dos '80 deu continuidade ás actividades da Escola de Artes e Oficios. Grazas a todo este traballo, a Universidade Popular chega a ser referencia obrigada para o mundo da música folk galega do último cuarto do século XX.*



*Segundo- En 1995 abre as súas portas o Conservatorio de Música Tradicional, con 150 alumnos repartidos en cinco aulas (gaita, percusión, zanfona, arpa e etnografía e folclore). Ao seguinte ano agregábanse as aulas de Violín Folk e Canto Popular, e o novo centro inauguraba unha nova tirada da aventura emprendida un día polo mestre Corral, nova tirada caracterizada pola sistematización dos contidos, a relación entre as aulas, a práctica en conxunto, a introdución do folk como concepto urbano e a incorporación da música tradicional como xénero diferenciado no panorama das músicas de consumo e uso social da contemporaneidade.*

*Ata o ano 2000 o Conservatorio de Música Tradicional é o único centro do seu xénero en Galicia, e serve de modelo para outros centros posteriores creados á súa imaxe como o Conservatorio Folque de Lalín ou a sección de Música Tradicional da Escola Municipal de Música da Coruña.*

*Das sesións pedagóxicas do Conservatorio de Música Tradicional saíron, ao igual que noutro tempo do obradoiro de Corral, novos camiños para o estudo e a integración da música patrimonio da sociedade galega. Ciclos como Tradición Viva, Aulas Abertas, presentacións de discos, libros, concertos didácticos e sobre todo a Orquestra Folk Sondeseu e importantes actividades realizadas pola Fundación do mesmo nome como o Libro Branco da Educación en Música Tradicional 2006 ou a Rede Europea de Orquestras Folk, tiveron a súa orixe nas aulas e corredores do vello edificio.*

*Terceiro- O antigo Departamento de Música Tradicional da Escola de Artes e Oficios, centrado na formación xeral de xoves e maiores na cultura musical patrimonial, morre para deixar paso a unha nova escola (a e-Trad) que representa unha aposta decidida pola diversificación curricular e a atención ás posibilidades profesionais da música de tradición oral e o seu desenvolvemento urbano. O uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación na pedagogía da música folk e tradicional, a integración cultural e o intercambio musical coas comunidades de inmigrantes, a creación dunha mediateca, a promoción da música galega na comunidade escolar, as participacións en proxectos transnacionais europeos, marcan novos obxectivos e resitúan o panorama galego da didáctica da música tradicional e folk en torno á cidade olívica.*

*É pois o momento dunha regulación formal das relacións entre as diferentes estruturas existentes no reducido espazo da música tradicional en Vigo, de xeito que os esforzos se integren e permitan obter uns mellores resultados. A Fundación Sondeseu, que naceu ao abeiro da estratexia municipal de revitalización da música tradicional galega, e a e-Trad, como máximo expoñente actual desa estratexia, definen, a través deste convenio, os ámbitos de actuación e as relacións entre ámbalas dúas entidades.*

*Cuarto- En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións da música folk e tradicional na nosa cidade, subscriben o presente Convenio de Colaboración de acordo coas seguintes.*

#### **CLÁUSULAS:**

*Primeira- O presente Convenio ten como obxecto fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento de accións de formación e promoción da música tradicional de Galicia. Todas elas deberán incidir nomeadamente na promoción e reforzo das actividades que desenvolve a Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad).*

*Segunda- Coa sinatura do presente convenio, a Orquestra Folk Sondeseu, a través da Fundación Sondeseu da que depende, formalizará a súa intrínseca relación coa e-Trad, relacionando as dúas institucións a efectos do seu coñecemento público en concertos, edición de Cds e DVDs, así como publicidade e promoción en xeral.*

*Terceira- Neste contexto, a Fundación Sondeseu desenvolverá as seguintes actuacións:*

- *Para complementar o compromiso adquirido pola empresa adxudicataria do servizo (GREDA S.L.) en canto á realización de prácticas profesionais a través da participación do alumnado nas diversas seccións da Orquestra Folk Sondeseu, a Fundación Sondeseu proverá a e-Trad dun soporte económico en forma de bolsas que a escola, a criterio da comisión de coordinación pedagóxica, concederá aos alumnos e alumnas máis distinguidos polo seu rendemento e capacidade. Estas bolsas se concederán por un mínimo dun ano e un máximo de dous. Cada unha destas bolsas terá unha contía mínima anual de 800 €, que poderá ser superior en función da actividade artística da orquestra. O número de bolsas a conceder cada ano será igual ao número de alumnos e alumnas que a Comisión de coordinación pedagóxica da e-Trad cualifique como aptos para esta actividade. A Comisión de Seguimento do presente convenio deberá ratificar, cada ano, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Organización e financiamento de dúas actividades extra-escolares por curso escolar dentro do programa formativo da e-Trad.*
- *Xestión e impulso de programas de intercambio de estudantes con outras escolas semellantes a e-Trad en España e Europa, fundamentalmente a través da Rede Europea de Orquestras Folk.*
- *A Orquestra Folk Sondeseu ofertará un concerto público anual para o Concello de Vigo, dentro dos actos que o mesmo estime oportuno, sen outro cargo económico que o derivado dos gastos de produción do evento (escenario, viaxes e hoteis -no seu caso-, equipos de son e iluminación e catering).*

*Cuarta.- Pola súa parte, o Concello de Vigo, a través da e-Trad, comprométese a:*

- *Albergar no Salón Auditorio da e-Trad os ensaios da Orquestra Folk Sondeseu, e permitir a utilización dos equipos de son.*
- *Como nexo de unión entre ámbalas dúas entidades, o director da e-Trad desenvolverá funcións de dirección artística e executiva da Orquestra Folk Sondeseu, entendidas como parte do seu traballo como máximo responsable da escola.*

*Quinta.- As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste Convenio e das actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados.*

*Sexta.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:*

1. *A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.*
2. *A determinación dos obxectivos de plans anuais de traballo.*
3. *Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*
4. *Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico, estatal e europeo.*

*A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta da Concelleira delegada de Educación.*

*A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.*

*Sétima.- As accións que se executen no desenvolvemento do establecido no presente Convenio de Colaboración, axustaranse en todo momento aos requisitos, condicións, prazos legais e regulación en xeral contidos na normativa que resulte aplicable en función da materia, nomeadamente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, e Lei 30/1992 de 26 de novembro de RXAP-PAC.*

*As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal.*

*Oitava.- O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010 e, previo acordo expreso do órgano competente, poderá ser prorrogado por novos períodos de un ano.*

*As partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente Convenio de Colaboración, en triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.*

#### **17(1749).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba as seguintes relacións dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	9034646	2.000,00	1.992,87	7,13	----
CABRERA RIANDE JORGE	9029467	150,00	135,71	14,29	----
CABRERA RIANDE JORGE	9044154	300,00	150,80	149,20	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	9033920	6.851,40	6.851,40	----	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	9041286	10.217,21	10.197,69	19,52	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	9041287	500,00	220,07	279,93	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	9042753	600,00	563,33	36,67	----
ESPADÁ RECAREY LUIS	9043156	600,00	550,85	49,15	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	9022978	30.000,00	30.000,00	----	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	9033042	30.000,00	29.849,57	150,43	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	9048931	3.000,00	3.000,00	----	----

FDEZ-LINARES BOUZA RAMÓN	9052643	471,76	474,76	----	3,00
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	9034686	13.000,00	13.000,00	----	----
MARTÍNEZ OYA VÍCTOR	9043566	170.326,80	170.326,80	----	----
MARTÍNEZ OYA VÍCTOR	9043567	103.240,00	103.240,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9042691	387.406,59	387.406,59	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	9042058	19.000,00	18.945,97	54,03	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	9044345	5.000,00	4.783,80	216,20	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	9023642	5.000,00	2.738,52	2.261,48	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	9039318	191,81	191,81	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9037873	810,00	810,00	----	----
		788.665,57	Expression is faulty **	Expression is faulty **	Expression is faulty **

TOTAL XUSTIFICADO..... 785.430,54.-

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	9019995	3.000,00	3.000,23	----	,23
BERNÁRDEZ GIL SELA	9028559	6.000,00	5.964,73	35,27	----
DEL CASTILLO MARTÍN CARMELO	9031874	154,26	154,26	----	----
DEL CASTILLO MARTÍN CARMELO	9031875	100,00	88,87	11,13	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	9025132	800,00	799,62	,38	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	9034652	15.000,00	10.659,00	4.341,00	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	9022732	4.000,00	3.125,63	874,37	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	9021907	500,00	331,93	168,07	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9011271	369,50	258,65	110,85	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9011272	206,74	74,80	131,94	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9021645	10.562,00	10.646,95	----	84,95
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9033918	7.600,00	7.600,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9037876	1.683,92	939,67	744,25	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	9055322	56,00	56,00	----	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	9022727	6.000,00	5.997,62	2,38	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	9028212	300,00	247,00	53,00	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	9028214	206,74	206,74	----	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	9028215	928,12	928,12	----	----
		57.467,28	51.079,82	6.472,64	85,18

TOTAL XUSTIFICADO..... 51.079,82.-

**18(1750).- AMPLIACIÓN DE CRÉDITO DISPONIBLE PARA O SERVIZO DE LANZADEIRAS Á CIDADE UNIVERSITARIA. EXPTE. 75763/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 10.11.09, conformado polo concelleiro-delegado e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de marzo de 2009 adoptou acordo para manter o sistema de transporte á Cidade Universitaria mediante lanzadeiras dende a Praza de España e Praza de América implantado en data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2009 acordando así mesmo que si durante o período de prestación do servizo o resultado das liquidacións efectuadas de acordo coa anterior fórmula esgotasen o crédito existente podería adoptarse un novo acordo.*

*No citado acordo apróbase o gasto, a dispoñibilidade de crédito e realizar o abono dos gastos que se deriven do contido do servizo proposto ata un importe de 750.000 euros con cargo á partida 513047000000 Subvención lanzadeiras do orzamento correspondente ao ano 2009.*

*Como queira que a cantidade aprobada resulta insuficiente para manter o servizo ata o 31 de decembro de 2009 e existindo crédito dispoñible na partida como consecuencia da modificación de crédito 75/09, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Municipal a seguinte,*

#### **PROPOSTA**

*Modificar o apartado 4 do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16 de marzo de 2009 polo que se acorda manter o sistema de transporte á Cidade Universitaria Lagoas Marcosende mediante Lanzadeiras dende a Praza de España e Praza de América implantado na data 2 de maio de 2000, ata o 31 de decembro de 2009 , no seguinte sentido:*

*Aprobar o incremento do gasto acordado, a dispoñibilidade de crédito e o abono dos gastos realizados nun importe máximo de 400.000 EUROS con cargo á partida 51304700000 Subvención lanzadeiras incrementada pola modificación de crédito 75/09 aprobada por acordo Plenario de data 27 de xullo de 2009.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(1751).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMESAPI S.A. POR GASTOS DERIVADOS DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS CON MOTIVO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL. EXPTE. 77145/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da enxeñeiro técnico municipal do 19 de novembro de 2009, conformada polo xefe da área de Mobilidade, Transportes e Seguridade e polo concelleiro-delegado de área, visto o informe da Intervención Xeral do 25 de novembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da sinalización horizontal e vertical e complementarias a favor de IMESAPI, S.A, con CIF A-28010478 e que figura na factura nº 36200033 que se achega, por un importe total de 139.921,37 euros, con cargo á partida 2220.2270602 (Concesión marcas e viais).

**20(1752).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A “ESCOLA DE TEMPO LIBRE XARUMA” CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DUN MAGOSTO O 14 DE NOVEMBRO. EXPTE. 77146/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área do Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 10 de novembro de 2009 , pola Escola de tempo libre “Xaruma” , co CIF G: 36817385 , por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun magosto o día 14 de novembro de 2009, por non producirse danos na vía pública.

**21(1753).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA CO PROGRAMA “COÑECÉNDONOS, DESCUBRÍNDONOS”. EXPTE. 917/334.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 29 de setembro da técnica do servizo de Normalización Lingüística co conforme da concelleira delegada, así como o informe do asesor xurídico de data 13.11.2009 e o informe de fiscalización da xefa do servizo de data 25.11.2009 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Prestar aprobación ao texto do convenio para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a dinamización lingüística "Coñecéndonos, descubríndonos".
- 2.- Aprobar o gasto por un importe de 4.000,00 €, con cargo á partida 4633.226.02.01 (campañas de dinamización lingüística) coa seguinte imputación aos exercicios económicos de 2009 e 2010: 1.500,00 € con cargo aos orzamentos deste ano e 2.500,00 € con cargo aos de 2010.

*CONVENIO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO EA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

*“Coñecéndonos, descubríndonos”*

*En Vigo, o                      de outubro de 2009,*

*REÚNENSE*

*O Excmo. Sr. Alberto Gago , reitor-magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia, núm. 96/2006, do 8 de xuño (DOG núm. 115 do 16 de xuño) de acordo coas competencias que lle outorga o art. 20 da LOU e o art. 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no DOG núm. 237, do 5 de decembro de 2003, e con domicilio social no campus universitario de Vigo, Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo, en nome e representación*

desta, e o Sr. Santiago Domínguez Olveira, tenente de alcalde do Concello de Vigo, en nome e en representación deste, segundo acordo de delegación de competencias de 5 de xullo de 2007.

En virtude da súa representación recoñécense mutuamente capacidade abonda para asinar este convenio de colaboración e

### EXPOÑEN

Que con data 1 de marzo de 1996, e aprobado na sesión plenaria do 12 de marzo, o Concello de Vigo (en adiante, Concello) e a Universidade de Vigo (en adiante, Universidade) asinaron un convenio marco de colaboración (Anexo I) en proxectos e actividades que resultasen de interese para as dúas entidades e o conxunto da sociedade (cláusula 2), dentro destas salientamos:

- A organización e realización de todo tipo de actividades académicas tales como cursos, conferencias, simposios, seminarios ou clases.
- O intercambio e a colaboración en todo tipo de proxectos culturais e de interese común
- Prácticas de estudantes dos últimos cursos

Que no citado convenio se indica que para realizaren actividades específicas, cómpre asinar convenios específicos que instrumenten e regulen as súas relacións (cláusula 6).

Ambas as partes asinantes proclaman a lingua propia de Galicia (art.5 do EAG) como lingua propia do Concello (art. 1 da OMNL) e da Universidade (art. 4 dos Estatutos da Universidade).

Que a Universidade é membro da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística (aprobada esta no Pleno do 24 de abril de 2000) e do Consello Social da Lingua (Pleno do 27 de decembro de 2004).

Que o Concello, a través da Concellaría de Normalización Lingüística, de Patrimonio Histórico e do Verbum está interesado na colaboración co Departamento de Galego e coa Área de Normalización Lingüística da Universidade para a realización de estudos, actividades e programas de dinamización da lingua galega entre a poboación viguesa

Que existen antecedentes na colaboración entre as dúas entidades para finalidades semellantes, por ex. para a realización do “Estudo sociolingüístico do concello de Vigo”, materializado por convenio asinado o 20 de marzo de 2002.

Que no marco destas actividades o Concello actúa con carácter complementario a unha competencia da administración autonómica, concretamente a recollida no art. 23 da Lei de normalización lingüística (conservación, protección e transmisión da lingua galega) e de acordo co art. 25 da mesma lei que lles outorga ás corporacións locais competencias para fomentar a normalización do uso do galego.

Que o Concello actúa consonte o establecido no Plan de dinamización lingüística, en concreto e pondo como norte “tecer redes de información e cooperación cara a actuacións conxuntas na dinamización lingüística, posibilitando, deste xeito, a xeración de dinámicas globais e interconectadas na mellora da situación da lingua galega na cidade”, dando así conta tamén doutra finalidade deste plan: “implicar no proceso de normalización as diferentes entidades da sociedade viguesa e as institucións públicas da cidade”

*E con base no anterior,*

**ACORDAN**

*Asinar este convenio de acordo coas seguintes*

**CLÁUSULAS**

*Primeira:        Obxecto*

*Ten como obxecto este convenio regular a colaboración entre as dúas entidades no desenvolvemento do programa de dinamización lingüística, “Coñecéndonos, descubríndonos”.(Anexo II)*

*Este programa consta de distintas actividades que tenden a coñecer e descubrir a historia, a paisaxe, a toponimia, o patrimonio..., tendo como fío condutor, e asemade, esencia das actuacións deste programa, a lingua galega cara a impulsar maior presenza, uso e coñecemento da lingua propia de Galicia entre a poboación viguesa.*

*Segunda:        Obrigas das partes*

*O Concello comprométese a*

- *Financiar economicamente a participación da Universidade de Vigo nas actividades incluídas no programa “Coñecéndonos, descubríndonos”*
- *Visibilizar, en todas estas actuacións, a colaboración da Universidade de Vigo*

*A Universidade, en contrapartida á achega concedida, comprométese a:*

- *Prestar asesoramento para as actuacións que se desenvolvan no marco deste convenio*
- *Participar nas xornadas, mesas redondas e similares debidas a este programa*
- *Colaborar na difusión de todas as accións desenvolvidas a través deste convenio*

*A Universidade comprométese a destinar aos fins acordados o financiamento que o Concello destina para este convenio.*

*Terceira:        Importe e condicións do pagamento*

*O Concello a través do SNL achega a favor da Universidade para a realización das actividades para desenvolver neste programa a cantidade de 4.000 (catro mil) euros da partida 4633.226.02.01 (campañas de dinamización lingüística) coa seguinte imputación aos exercicios económicos de 2009 e 2010: 1.500 euros con cargo aos orzamentos deste ano e 2.500 con cargo aos de 2010.*

*O pagamento, de cada anualidade, farase trala presentación da solicitude pola Universidade ante o Rexistro Xeral do Concello. Á dita solicitude incorporárase: informe das actividades realizadas e certificado de ter cumprido as actividades comprometidas en cada fase do programa*

*A Universidade deberá presentar a xustificación antes do 18 de decembro de cada ano. No momento do pagamento presentará declaración xurada de estar ao corrente das obrigas tributarias-*



*Ao remate do programa, a Universidade deberá achegarlle ao Concello unha certificación, expedida polo órgano universitario correspondente, de que o 100% da achega do Concello foi destinada a aboar os gastos xerados polas actividades programadas nas que a Universidade interviña.*

*Cuarta: Responsables do proxecto e da súa coordinación*

*Os responsables da coordinación do convenio serán por parte da Universidade Henrique Costas, profesor do Departamento de Galego, e por parte do Concello, Marta Souto, técnica de Normalización Lingüística.*

*Quinta : Seguimento do convenio*

*As partes acordan constituír unha comisión mixta de seguimento da acción, integrado por, cando menos, un/unha representante do Concello e da Universidade. Esta comisión terá por obxecto a proposta, seguimento e avaliación das actuacións que se inclúen neste convenio.*

*En caso de desacordo ou desavinza entre as partes, será esta comisión quen tentará chegar a un acordo entre as partes.*

*A comisión reunirse sempre que algunha das partes o soliciten, e cando menos, dúas veces ao longo da vixencia do convenio.*

*Por parte do concello, o SNL será a unidade administrativa que certifique o cumprimento do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados en cada unha das solicitudes de pagamento.*

*Sexta: Vixencia do convenio*

*Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e rematará canda a finalización das actuacións deseñadas no programa “Coñecéndonos, descubríndonos”.*  
*O convenio poderá renovarse de mutuo acordo se así o acordasen as partes.*

*Sétima: Modificación do convenio*

*A actuación obxecto do presente convenio poderá modificarse por mutuo acordo entre as partes asinantes.*

*Oitava: Resolución do convenio*

*Serán causas de resolución do convenio:*

*O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas*

*O desvío dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión*

*Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por mor deste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindir este.*

*Novena: Xurisdición*

*O Concello declara coñecer o carácter de entidade de dereito público que posúe a UVI, e en consecuencia, a aplicabilidade das normas de procedemento administrativo, e de ser o caso, as partes asinantes someterán as diverxencias que se puidesen presentarmos que atinxe á interpretación ou incumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.*

*Despois de ler o convenio e estando conformes, asínano por duplicado e para un único efecto, no lugar e data anteriormente citados.*

**22(1754).- PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE REVALORIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO. EXPTE. 4755/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 2 de decembro da xefa de Patrimonio Histórico conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado, sen incremento económico, das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro.

**23(1755).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FREMAP POLOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2009. EXPTE. 19404/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta das técnicas de prevención de riscos laborais de data 29 de outubro, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis do concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 27 de novembro, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L. (CIF B-84412683), por un importe total de 6.580,00€ polos servizos prestado no mes de abril do 2009.

Segundo.- Consecuencia disto recoñécese a obriga por un importe total de 6.580,00 € a prol de SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L. (CIF B-84412683) con cargo á partida 31311600602 do exercicio 2009.

**24(1756).- NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS. EXPTE. 19459/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta do técnico de organización e planificación de RR.HH de data 24 de novembro, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 27 de novembro, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura interina de dúas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, de acordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos dos Servizos de Cultura e Administración de Tributos, contidas nos escritos de datas 20 de novembro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas con cargo ás referidas prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral a D<sup>a</sup>. EVA M<sup>a</sup>. DA ROCHA GONZÁLEZ, DNI 76.994.143-X e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. CRISTINA ANDRADE TATO, con DNI 36.103.572-N, seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos realizado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba á interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA do 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

**25(1757).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO 2009. EXPTE. 19431/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de RR.HH de data 25 de novembro, coa conformidade da xefa do Servizo de RR.HH, visto o informe da intervención xeral de data 27 de novembro, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ós meses de XUÑO e OUTUBRO 2009 (inclúe horas de marzo e maio) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Central	De Guillermo Abelleira Porrúa a Bernardo Rodríguez Lestón	Xuño	178,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Xuño	396'00
OSPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero Gil-Delgado	Xuño	180,00

Alcaldía	De Basilio Costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Xuño Outubro	272'20
----------	--	-----------------	--------

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Vías e Obras	De Alonso Cue, Miguel Angel a Martínez González, José Manuel	Xuño	205,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Outubro	2.267,00
Bombeiros (Admón)	De Mª Luz Palmás Calvar	Xuño	56,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Xuño	129,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Xuño	336,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Antonio Vázquez Martínez	Outubro	118,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a Jesús Pérez Tome	Maio Xuño	364,00
Medio Ambiente	De Miguel Angel Alonso Alonso a Florentino Prieto Domínguez	Xuño	478,00
Policía Local Xulgados	De Constante Alonso Caride a Francisco José Vila Campos	Outubro	1.136'00
Policía Local Horas en exceso	De César Alonso Couñago a Jaime Villar Salgueiro	Outubro	1.133,30
Limpeza	De José A. Comesaña Davila a Manuel Quintas Pérez	Xuño	80'00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Marzo Xuño	52'00
Educación (Eleccións)	De Agustin Amoedo Salgado a Manuel Vallejo Ricon	Xuño	415'45
Parque Central (Eleccións)	De José Angel Agra Abalde a José Luis Vázquez de Francisco	Xuño	1.152'30
Policía Local (Eleccións)	De Roberto Lorenzo Alonso a David Suárez Pineiro	Xuño	4.074'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 120.715,53 € (CENTO VINTE MIL SETECENTOS QUINCE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS).

**26(1758).- XORNADAS DE REFORZO DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2009. EXPTE. 34068/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da técnica de avaliación e formación de RR.HH de data 5 de novembro, coa conformidade da xefa do

Servizo de RR.HH e máis do concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 26 de novembro, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar aos funcionarios que a continuación se relacionan na lista que comeza por D Constante Alonso Caride e remata por D Carlos Pérez Vázquez e que teñen participado na realización de reforzos no mes de setembro de 2009, un complemento de produtividade, en atención á especial adicación e interese coa que teñen realizado o seu traballo, complemento retributivo que supón un importe total de 7.260,85 €, con cargo á partida orzamentaria 121.0.150000 “Produtividade” .

NOME	N PER-SOAL	GRAO	IMPORTE
ALONSO CARIDE, CONSTANCE	21137	POLICÍA	208,00 €
ALONSO MOREIRA, JOSE LUIS	14255	POLICÍA	221,00 €
BARCIELA RIVERA, MANUEL	77044	POLICÍA	208,00 €
BASTOS GARCIA, JOSE MANUEL	17029	POLICÍA	208,00 €
BOSQUE ZAPATA, JOSE MANUEL	16975	INSPECTOR	249,00 €
BUENO ALONSO, ABEL	80580	POLICÍA	208,00 €
CALVO DIAZ, SANTIAGO	77017	POLICÍA	208,00 €
CASTRO DELGADO, JUAN	80601	POLICÍA	208,00 €
CHANTADA ABOLLO, RAMON	77019	POLICÍA	208,00 €
COMESAÑA DENIS, CRISTINA	15154	POLICÍA	208,00 €
CONDE VAZQUEZ, MANUEL	22250	POLICÍA	208,00 €
CORTES BAUTISTA, JOSE MIGUEL	77025	POLICÍA	208,00 €
COSTAS BASTOS, ALEJANDRO	76480	POLICÍA	208,00 €
GONZÁLEZ CASTILLO, JESÚS MARCO	80593	POLICÍA	208,00 €
GONZALEZ FERNANDEZ, PABLO JOSÉ	77023	POLICÍA	208,00 €
IGLESIAS MELEIRO, RUBÉN	80594	POLICÍA	208,00 €
IGLESIAS RODRÍGUEZ, UNAY	80583	POLICÍA	208,00 €
JIMENEZ ALVARADO, JAVIER	12641	POLICÍA	208,00 €
JUNCAL LAGOVA, MIGUEL ANGEL	78756	POLICÍA	208,00 €
LOPEZ REIS, DIEGO	78759	POLICÍA	208,00 €
OTERO PENELA, FERNANDO	80584	POLICÍA	208,00 €
PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE	79380	POLICÍA	208,00 €
PITILLAS TORRÁ, FRANCISCO JAVIER	21108	INSPECTOR	249,00 €
RIO DIZ, PABLO DEL	77020	INSPECTOR	249,00 €
SANCHEZ SOUTO, DIEGO	21077	POLICÍA	208,00 €
SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL	78130	POLICÍA	208,00 €
SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA	78134	POLICÍA	208,00 €
SOUTO LOPEZ, IGOR JOSÉ	79353	POLICÍA	208,00 €
UBEIRA GROSIO, PATRICIA	80579	POLICÍA	208,00 €
VERA ARMADA, JARA MARÍA	80586	POLICÍA	208,00 €
VIGO QUIROS, EMILIO	18193	POLICÍA	208,00 €
VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	79106	POLICÍA	208,00 €
VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	77027	POLICÍA	208,00 €
VILLAR SILVA, AIDA	80581	POLICÍA	208,00 €
ROLO SILVA, JOSE LUIS	17147	OFICIAL	13,85 €
PEREZ VAZQUEZ CARLOS	78768	POLICÍA	39,00 €
			7.260,85 €

**27(1759).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INEGA PARA “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN INTERIOR DOS EDIFICIOS EXISTENTES NO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS”. EXPTE. 1464/448.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 30 de novembro emitido polo xerente do Parque Central coa conformidade do xefe da Área e máis da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención convocada polo Inega para “Mellora das instalacións de iluminación interior dos edificios existentes no Parque Central de Servizos polo importe de 12.633,88 euros.

**28(1760).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN, ARIDOS E FERRETERÍA. EXPTE. 50894/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 17.09.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de materiais de ferretería adxudicado á mercantil FERRETERÍA POMBO, S.A. “ con data 23 de abril de 2007 correspondente o período maio 2008 a maio 2009, que segundo informe do INE supón un -0,9% de incremento de tódolos prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais e artigos de ferretería subministrados polo contratista a partires do 31 de maio de 2009.

O gasto financiarase con cargo ó saldo disponible no AD que financia o contrato vixente neste exercicio.

2º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de áridos adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L. “ con data 23 de abril de 2007 correspondente o período abril 2008 a abril 2009, que segundo informe do INE supón un -0,2% de incremento de tódolos prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais de construción subministrados polo contratista a partires do 30 de abril de 2009.

O gasto financiarase con cargo ó saldo disponible no AD que financia o contrato vixente neste exercicio.

3º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de materiais de construción adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L. “ con data 23 de abril de 2007 correspondente o período abril 2008 a abril 2009, que segundo informe do INE supón un -0,2 % de incremento de tódolos prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

A revisión será de aplicación polo tanto a tódolos materiais de construción subministrados polo contratista a partires do 30 de abril de 2009.

O gasto financiarase con cargo ó saldo disponible no AD que financia o contrato vixente neste exercicio.

**29(1761).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS. EXPTE. 50885/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado polo xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 17.09.09, e conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de formigón adxudicado á mercantil PABLO VAL, S.L., con data 7 de maio de 2007 correspondente ó período maio 2008 a maio 2009, que segundo informe do INE supón un (-0,9% de incremento de todos os prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

Segundo.- A revisión será de aplicación polo tanto a todos os materiais de construción subministrados polo contratista a partir do 28 de maio de 2009.

Terceiro.- O gasto financiarase con cargo ó saldo dispoñible no AD que financia o contrato vixente neste exercizo.

**30(1762).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS (AGLOMERADOS). EXPTE. 54047/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta asinado polo xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, do 17.09.09, e conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de mesturas bituminosas (aglomerado) adxudicado á mercantil SERCOYSA PROXECTOS Y OBRAS, S.A., con data 29 se abril de 2008 correspondente ó período abril 2008 a abril 2009, que supón un (-0,2% de incremento de todos os prezos unitarios dos materiais incluídos no contrato.

Segundo.- A revisión será de aplicación polo tanto a todos os materiais de construción subministrados polo contratista a partir do 21 de maio de 2009.

Terceiro.- O gasto financiarase con cargo ó saldo dispoñible no AD que financia o contrato vixente neste exercizo.

**31(1763).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE ORECO S.A. CONSTITUÍDO POLO PASO DE VEHÍCULOS DE GRAN TONELAXE Á RÚA SANTA ANA. EXPTE. 60182/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.11.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 17/11/2009 Oreco, S.A. . con C.I.F. A36614691 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 01/08/2007 número de operación 200700046790 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 30.000 €, motivado polo permiso de circulación para camións de gran tonelaxe á rúa Santa Ana.*

*No informe de inspección de data 24/11/2009, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 30.000 € (trinta mil euros), a favor de Oreco S.A.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(1764).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 7116/540.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 23.10.09, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2006, adoptou o acordo de adjudicar á empresa SANTIAGO CUCART, S.L., con N.I.F. B-96067400, o contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión do 21.08.2006, sendo a data de inicio da prestación o 1 de xaneiro de 2007.*



*Na sesión ordinaria celebrada o día 17 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou o acordo de tomar razón do cambio de denominación social da empresa SANTIAGO CUCART, S.L., que pasa a chamarse SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL (expte. 2.513/241).*

*Tendo en conta que a cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu a adxudicación do concurso a que nos estamos a referir, dispón que o prazo de execución do contrato é de dous anos podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, non admitíndose a prórroga tácita do contrato, polo que o prazo inicial de vixencia de dous anos previsto nos pregos finalizou o pasado 1 de xaneiro de 2009, e a proposta desta tesourería, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión celebrada o 2 de decembro de 2008 acordou “Prorrogar o contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria formalizado coa empresa SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL por un período anual máis, isto é, ata o día 1 de xaneiro do ano 2010”.*

*Mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o 22 de outubro de 2009 (doc. 90151008), D. Pascual Seguí Bañuls, con DNI 73907843-B, actuando en nome e representación de SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, solicita, de conformidade co disposto no prego de cláusulas, a prórroga do contrato formalizado co Concello de Vigo.*

#### **INFORME:**

*1º.- Tendo en conta que o prazo de vixencia da primeira prórroga do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo finalizará o vindeiro 1 de xaneiro de 2010.*

*2º.- Tendo en conta que subsisten as causas que motivaron a licitación, isto é, os servizos municipais de recadación, non contan na actualidade coa infraestrutura de recursos humanos e materiais mínima indispensable para a prestación do servizo adecuadamente, contando unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal, de tal xeito que calquera reconsideración do modelo organizativo actual pasaría inescusablemente por dotar previamente ó servizo dos medios imprescindibles para garantir unha adecuada prestación do mesmo.*

*3º.- Tendo en conta que a mercantil SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, ven prestando ó Concello de Vigo o servizo contratado dende a data de inicio da prestación (1 de xaneiro de 2007), con suxeición ás condicións establecidas polo Concello de Vigo a través dos pregos de condicións e cláusulas administrativas particulares, e habéndose obtido uns resultados altamente satisfactorios.*

*4º.- Polo exposto, entende o funcionario que subscribe que debe procederse a prorrogar o contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria formalizado coa empresa SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL (anteriormente chamada SANTIAGO CUCART, S.L.) por un período anual máis, isto é, ata o día 1 de xaneiro do ano 2011.*

5º.- A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**PROPOSTA DE ACORDO:**

Prorrogar o contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria formalizado coa empresa SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL (anteriormente chamada SANTIAGO CUCART, S.L.) por un período anual máis, isto é, ata o día 1 de xaneiro do ano 2011.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(1765).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN “APR A-4-76 SEARA”. EXPTE. 4934/401.**

Con data 18.11.09 o técnico de administración xeral, coa conformidade do arquitecto xefe da oficina de Planeamento e Xestión informa o seguinte:

“I.1. En data 17.06.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) a instancia (Doc. nº 90090551) e documentación anexa presentada polo representante legal das mercantís “VialPark, S.L.”, “Gestiones Urbanísticas y de Negocios, S.L.” e “Servicios Marsero Galicia, S.L.”, D. Basilio Martínez Serodio (DNI 76.898.476-T) e polo representante de “Bouza Alta, S.L.”, D. Julio Montenegro Vila (DNI 35.996.225-J) na que, como propietarios que afirman ser de máis do 50% da superficie total do ámbito, solicitaban desta Admón. a admisión a trámite e posterior aprobación do “PROXECTO DE BASES E ESTATUTOS. XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR-A-4-76 SEARA DO PXOM 2008 DE VIGO”.

I.2. Esa documentación foi posteriormente completada, a requirimento da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU, coa presentada en data 21.09.2009 (Doc. nº 90134717), achegando ó expediente plano parcelario, cadro resume de superficies e propiedades e plano topográfico.

**II. NORMATIVA EXAMINADA**

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).

- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Modelo xeral de «Bases e Estatutos de Xunta de Compensación e Estatutos de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III.2. No PXOM delimitouse o ámbito de solo urbano non consolidado, con ordenación detallada, «APR A-4-76 SEARA», cunha superficie total de 57.821,00 m<sup>2</sup> e un aproveitamento tipo de 1,746 m<sup>2</sup> u.t.c./m<sup>2</sup>s, sendo o polígono coincidente coa área de reparto. Trátase dunha actuación incluída no 1º cuatrienio da programación do Plan, a desenvolver polo sistema de compensación.

III.3. Vista a documentación presentada polos interesados, entre a que se inclúen os títulos de propiedade, e o informe do adxunto ó Director da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU de data 20.11.2009, no que se constata que: «cúmrese o requisito legal de que os propietarios que presentan o Proxecto de Bases e Estatutos representan máis do 50% da superficie» (50,95% + propiedades municipais), procedería aprobalo inicialmente e dispoñer a apertura do período de información pública esixido polo Art. 155.2 da LOUGA, por prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior difusión, con notificación individualizada e simultánea ós propietarios ou titulares de dereitos de contido patrimonial no ámbito.

III.4. Unha vez aprobado definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases, deberá constituírse a Xunta de Compensación no prazo dun mes (Art. 155.3 LOUGA). Os terreos dos propietarios do polígono que non se incorporen á Xunta de Compensación poderán ser

*obxecto de expropiación forzosa ou ben de ocupación directa en favor desta, para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas (Art. 156.1 pfo. 2 LOUGA).*

*III.5. Cómpre indicar que o Proxecto de Bases e Estatutos presentados polos promotores responde case literalmente, coas oportunas adaptacións, ó modelo xeral de Estatutos e Bases de actuación aprobado polo Consello da XMU o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004; Exp. nº 4462/401) e o seu contido axústase ó disposto nos Arts. 116, 155 e concordantes da LOUGA e nos Arts. 166 e ss. do RXU, sen prexuízo do que resulte do trámite de información pública, no que os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial poderán formular as alegacións que estimen oportunas e, de ser o caso, solicitar a súa incorporación ó proceso.*

*III.6. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d) LRBRL), previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU.*

#### **IV. PROPOSTA**

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte...,”*

#### **ACORDO**

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada “APR A-4-76 SEARA” do PXOM de Vigo, de acordo coa documentación presentada en datas 17.06.2009 e 21.09.2009 polos representantes legais das mercantís “VialPark, S.L.”, “Gestiones Urbanísticas y de Negocios, S.L.”, “Servicios Marsero Galicia, S.L.” e “Bouza Alta, S.L.” e cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4934/401 da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU.*

*SEGUNDO: Dispoñer a apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP de Pontevedra e nun xornal dos de maior difusión da provincia, con notificación simultánea e individualizada do contido íntegro deste acordo ós propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no ámbito, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas e, de ser o caso, soliciten a súa incorporación ó proceso.*

*TERCEIRO: Por tratarse dun simple acto de trámite, este acordo non é susceptible de recurso autónomo ou separado en vía administrativa ou contenciosa (Art. 107.1 pfo. 2 L.30/1992), sen prexuízo de que os interesados poidan alegar a súa oposición para os efectos da posterior consideración na resolución que poña fin a este procedemento.*

*CUARTO: Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da “APR A-4-76 SEARA” nas infraestruturas.»*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 26 de novembro de 2009, toma coñecemento do anterior informe-proposta e acorda a súa remisión á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o anterior informe proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **34(1766).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS DE TRANSFORMACIÓN DA VIVENDA DO PORTEIRO DO COLEXIO ESCULTOR ACUÑA EN COMEDOR ESCOLAR. EXPTE. 11071/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 25.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 27.11.09, conformado pola concelleira delegada de Educación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 11071-332 para a contratación das obras do proxecto básico e de execución de transformación da vivenda do porteiro do colexio Escultor Acuña en comedor escolar.

2º.- Aprobar o proxecto básico e de execución de transformación da vivenda do porteiro do colexio Escultor Acuña en comedor escolar, redactado por por J.A.S.C. Arquitectos , S.L.P.

3º.- Aprobar o gasto de 192.048,07 euros para a execución das obras do proxecto básico e de execución de de transformación da vivenda do porteiro do colexio Escultor Acuña en comedor escolar que se imputarán á partida 4220.632.00.00 do presuposto do ano 2009.

4º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade de data 17-11-2009.

5º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato e publicación de anuncio indicativo no perfil do contratista.

**35(1767).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A PERSOAL DE DIVERSOS SERVIZOS. EXPTE. 19486/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Con data 2 de decembro a técnica de avaliación e formación de RR.HH, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta:

“Ata data de hoxe, achegáronse a Concellería de Xestión Municipal diferentes propostas de asignación de complementos de produtividade de diferentes servizos municipais, segundo relación que se achega:

- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade ao persoal da Área de promoción económica, emprego e Participación Cidadá, recollido no informe que se achega, por importe total de 2.289,86 €, asinado polo Concelleiro-delegado da Area.
- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade do persoal da Area de Xestión Municipal e Alcaldía, recollido no informe que se achega, por importe total de **26.300,59 €**, asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal.
- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade do persoal da Área de medio ambiente, Sanidade e Consumo, recollido no informe que se achega, por importe total de 20.792,69€, asinado pola Concelleira delegada da Area.
- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade do persoal da Area de Educación, recollido no informe que se achega, por importe total de 3.295,25 €, asinado pola Concelleira Delegada da Educación.
- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade do persoal da Area de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, recollido no informe que se achega, por importe total de **706,86 €**, asinado polo Tenente Alcalde e Concelleiro delegado da Area de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos
- Proposta de aboamento dun complemento de produtividade da Area de Economía e Facenda, Limpeza, parques e Xardíns, recollido no informe que se achega, por importe total de **11.130,98 €**, asinado pola concelleira-delegada de Economía e Facenda

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de RR.HH coa conformidade da xefa do Servizo e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 3 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aboar a D<sup>a</sup> M Dolores Vieites Alén, con n<sup>o</sup> de persoal 77222, adscrita a Dirección de Ingresos, un complemento de produtividade por importe de 1.300.00 €, polo desempeño das tarefas encomendadas segundo resolución de data 28 de febreiro de 2008, no período marzo-agosto 2009.

Segundo.- Déase traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**47(1779).- ABOAMENTO EN CONCEPTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á ADMINISTRATIVA D<sup>a</sup> ANA MARÍA SOTO SOBRADO CORRESPONDENTE XULLO-SETEMBRO 2009. EXPTE. 4334/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 6 de outubro emitido pola técnica de avaliación e formación de RR.HH coa conformidade da xefa do Servizo e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 3 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- O recoñecemento á administrativa de admón. Xeral, D<sup>a</sup> Ana María Soto Sobrado, un complemento de produtividade por importe de 480.00 € , importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de Información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo ao 30 de setembro de 2009, con cargo a partida 121.0.1500000, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.

Segundo.- Déase traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**48(1780).- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 2.3 DO PREGO DE CONDICIÓN PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS. EXPTE. 18654/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 26.11.09, dáse conta do informe proposta de data 3.12.09 emitido pola técnica de administración xeral de Contratación, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- D. Alejandro Amoedo Martínez, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14/05/2009, manifesta que o aparcadoiro situado na rúa Rosalía de Castro, adxudicado á súa representada, inicialmente se atopaba fora da zona de cautela arqueolóxica do xacemento Pontevedra-Areal. No entanto, recentemente, ante a aparición de vestixios de época romana, medieval e moderna-contemporánea na Unidade de Execución I-06 Rosalía de Castro 2, se incrementou o contorno do citado xacemento. En consecuencia, se fai necesaria a realización dunha intervención arqueolóxica de carácter estimativo, seguindo as liñas marcadas polos técnicos arqueólogos da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Unha vez finalizadas as sondaxes arqueolóxicas a Consellería resolveu ordenar a realización dunha escavación en área ata esgotar a potencialidade arqueolóxica. O elevado custo que supón a escavación e a influencia directa sobre o método construtivo proxectado, impedindo a súa utilización, carrega un novo e importante incremento de custes para a concesionaria. Así mesmo, os prazos impostos para a realización das labores arqueolóxicas supoñen un importante aumento dos custos de financiamento. Todos estes aspectos, a xuízo do concesionario fan inviable a concesión nos termos actuais, polo que solicita do órgano de contratación a modificación da traza actual do aparcadoiro por unha nova que evite a realización da escavación en área entre as rúas Oporto e Canceleiro. De resultar aprobada a nova traza procedera á redacción dun novo proxecto construtivo. Adxunta coa solicitude:*

- *Plano coa nova traza proposta.*
- *Plano coa nova ordenación en superficie e cadro de características.*

*Segundo.- Na tramitación do presente expediente, recabáronse os seguintes informes:*

- *Informe do Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 08/06/2009.*
- *Informes da Sra. Arqueóloga Municipal do servizo de Patrimonio Histórico, de datas 27/05/2009 e 27/09/2009.*
- *Informe do Sr. Xefe de Área de Servizos Xerais, de data 02/05/2009.*
- *Informe do Sr. Xefe do Servizo de Investimentos, de data 31/08/2009.*

*Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, en sesión de 5 de outubro de 2009, acordou:*

*“1º.- Iniciar expediente para a modificación da traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro conforme ó Plano presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., que*

*se adxunta ó presente informe, así como do artigo 2.3 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, o cal quedaría coa seguinte redacción:*

*“As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:*

*Lote 1: Rúa Areal 320 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.*

*Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Jenaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 330 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”*

*2º.- Someter a información pública polo prazo de 30 días as anteriores modificacións.*

*Cuarto.- Durante o prazo de exposición pública do presente expediente, e segundo certifica a Secretaria Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Vigo, por delegación do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, non se presentaron alegacións.*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, foi adxudicado á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.*

*O presente contrato pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. Este contrato é definido pola Lei de contratos das Administracións públicas como aquel mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP). A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.*

**-II-**

*Por resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008 se procede á aprobación definitiva do proxecto construtivo do aparcadoiro subterráneo da rúa Rosalía de Castro.*

*Este aparcadoiro se sitúa no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, encadrado na categoría de ben catalogado no planeamento municipal, e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ten*

*que autorizar calquera intervención que lle afecte. Así, unha vez aprobado o proxecto polo órgano de contratación, solicitouse autorización á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.*

*Antes de informar o proxecto do aparcadoiro na rúa Rosalía de Castro a Consellería ordenou a realización de sondaxes arqueolóxicas, e unha vez rematadas as mesmas, dado que se tiñan encontrado diversos restos arqueolóxicos ordenou unha ampliación das sondaxes. Efectivamente, en Resolución de data 21/11/2008, se acorda “Dar por rematadas as sondaxes mecánicas e manuais no ámbito no que se proxecta a construción dun aparcamento soterrado na rúa Rosalía de Castro de Vigo, e ordenar a realización dunha escavación en área que tomará como punto central os lugares onde se localizaron as estruturas romanas (sondaxes 1, 4, 5, 6, 7 e 9) e se estenderán en área ata esgotar a potencialidade arqueolóxica(...)”.*

*O cambio de traza do aparcadoiro solicitado, implica unha modificación do Prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexe a concesión, posto que como anexos ó mesmo se inclúen os anteprojectos de cada un dos aparcadoiros.*

*Esta modificación é informada favorablemente polos servizos municipais con competencias na materia. Así, o Sr. Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, técnico municipal encargado da supervisión das obras de construción do aparcadoiro, informa que “dende o punto de vista técnico non hai inconveniente en acceder o solicitado” e puntualiza que o proxecto modificado deberá asumir os desvíos dos servizos soterrados que resulten afectados, nas mesmas condicións en que foron aprobados no proxecto anterior.*

*O Sr. Xefe de Área de Servizos Xerais tampouco encontra inconveniente en acceder a modificación solicitada e indica que “deberase respectar o contemplado no proxecto inicialmente aprobado en canto a acabados superficiais da humanización da rúa (pavimentación, alumeadado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.) e desvío de servizos afectados.*

*Pola súa banda, a Arqueóloga Municipal tamén informa favorablemente o cambio de traza, se ben precisa que a nova traza, se ben reduce as sondaxes arqueolóxicas a realizar non as evita. A nova traza reduce considerablemente a extensión en planta do aparcamento, reducindo efectivamente o ámbito susceptible de escavación arqueolóxica, pero non evita o resto das intervencións arqueolóxicas precisas no resto do ámbito, a saber:*

- Realización dunha escavación en área que tomará como punto central as sondaxes 5 e 9 e se estenderán en área ata esgotar a potencialidade arqueolóxica.*
- Sondaxes mecánicas no resto das áreas afectadas pola construción do aparcamento.*
- Control arqueolóxico do levantamento dos estratos superiores do terreo ata alcanzar os niveis fértiles dende o punto de vista arqueolóxico, cota a partir da que comezará a escavación en área e as sondaxes mecánicas.*

*Así mesmo, puntualiza que o novo proxecto deberá ter en conta aspectos que non veñen detallados na proposta -ubicación das entrada/saídas peonís e de vehículos, reubicación dos diferentes servizos e as súas conexións ás redes actuais, etc- que poderían cuestionar os obxectivos pretendidos coa proposta presentada.*

*Resulta preciso determinar a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*

*A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.*

*O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:*

- *Que non se formule oposición por parte do contratista.*
- *Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.*

*En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).*

*O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).*

*Respecto os requisitos específicos esixidos para a modificación do presente tipo de contrato, concesión de servizo público, a lei so esixe que cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración compense ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato (artigo 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS).*

*É dicir, o potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:*

- *Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista; o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando a contía das modificacións do contrato superen nun 20 por 100 o prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros; a obriga de xustificar no expediente que a modificación pretendida sexa debida a necesidades novas ou causas imprevistas.*

- *Limites materiais: as modificacións que impliquen unha variación do prezo do contrato en contía superior ó 20 % do seu importe necesitan a aceptación expresa do contratista.*
- *Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

*No presente suposto as modificacións contractuais son solicitadas directamente polo contratista. Son debidas a causas imprevistas: o hallazgo de importantes restos arqueolóxicos. No Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente no momento da licitación do contrato, o PXOM de 1993, a zona na que se sitúa o aparcadoiro non estaba cualificada como zona de cautela arqueolóxica. A raíz da aparición de vestixios de época romana, medieval e moderna-contemporánea no curso das obras correspondentes a Unidade de Execución I-06 Rosalía de Castro 2, estendeuse a zona de cautela arqueolóxica do xacemento Pontevedra-Areal. No momento no que se realizou o concurso para a adxudicación da presente concesión era imposible prever a existencia de importantes restos arqueolóxicos na zona. Coa traza aprobada non é posible determinar se será posible construír o aparcadoiro. Para determinar a súa viabilidade sería preciso emprender unha escavación en área, a resultas da cal, a Consellería de Cultura debería determinar se procede ou non a aprobación do proxecto construtivo, pois de aparecer novos restos arqueolóxicos non se descarta ter que reducir a súa superficie para conservar os restos en área. En consecuencia, parece aconsellable unha modificación do proxecto construtivo que exclúa as zonas onde teñen aparecido os restos arqueolóxicos máis importantes. Pois a realización da escavación en área en todas as zonas previstas, sen garantías de poder construír o aparcadoiro tal e como esta previsto no citado proxecto, incrementaría os custos de construción e podería ter importantes repercusións na economía do contrato.*

*Neste senso, a concesionaria manifesta que o ter que realizar a escavación en área implicaría un cambio do método construtivo previsto inicialmente para a construción do aparcadoiro, o método inverso, por una escavación a ceo aberto ou ben pola execución do método inverso pero sen forxado intermedio. A continuación realiza unha comparativa entre o método previsto e cada unha das opcións posibles para a construción do aparcadoiro se se mantén a traza orixinaria e se realizan as escavacións en área recomendadas pola Consellería de Cultura.*

*- Escavación a ceo aberto*

*O cambio do método inverso pola escavación a ceo aberto implicaría que “os muros pantalla aumentarían en profundidade e espesor, pasarían a necesitar un espesor de 100 cm (frente os 60 cm iniciais) e terían unha profundidade de 21 m (frente os 12 proxectados). (...)O aumento de espesor dos muros pantalla farían achicarse o espazo dispoñible para o retranqueo e reordenación dos servizos existentes, sendo necesario un reaxuste total dos mesmos. Unha vez executados os muros pantalla comezaría o proceso de escavación vertical, escavación convencional que obrigaría ó corte total da rúa Rosalía de Castro, sen posibilidade de mantemento de ningún carril para a circulación. Este corte teríase que manter ata a terminación da cuberta do aparcadoiro, tempo que se estima en 12 meses, sen contar o tempo que necesite a escavación ou as diferentes tarefas arqueolóxicas, que viría a sumarse os 12 meses anteriores”. En conclusión, o cambio de método construtivo implica cambios nos seguintes conceptos:*

- *Incremento do custe de execución da estrutura.*
- *Diminución dos custes de escavación.*

- *Diminución dos custes de execución dos forxados.*
- *Custe da paralización da obra durante as labores de arqueoloxía.*
- *Custe da intervención arqueolóxica en si mesma, custe dos arqueólogos e medios auxiliares.*
- *Aumento dos custes financeiros motivados polo atraso da posta en servizo do aparcadoiro polas labores de arqueoloxía.*
- *Aumento dos custes da dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e dirección técnica da concesionaria.*

*A concesionaria cifra economicamente o incremento de custe polo cambio do método construtivo inverso pola escavación a ceo aberto, tendo en conta cada un destes conceptos mencionados, en 11.712.732, 95 €.*

*- Execución sen forxado intermedio*

*Segundo manifesta a concesionaria “o principal problema deste sistema e o aumento nas dimensións e contías dos muros pantalla o ter que prescindir no seu dimensionamento da axuda do arriostamento intermedio que ven dada pola construción do forxado intermedio antes de proseguir coa escavación.*

*Mediante unha primeira aproximación podemos supoñer que os muros pantalla aumentarán a súa profundidade en 5 m (12 pasa a 18m) e o seu espesor en 20 cm, (60 cm pasan a 80 cm), así como un aumento considerable da contía de aceiro necesaria como armado do muro”.*

*Os conceptos que fan que se eleve de forma importante a inversión necesaria para construír este aparcadoiro cambiando o modo de execución son:*

- *Incremento dos custes de execución da estrutura, con especial influencia dos muros pantalla, incremento de profundidade, espesor e contía de aceiro dos mesmos.*
- *Custe de paralización da obra durante as labores de arqueoloxía, ciframos un ano de parada*
- *Custe da intervención arqueolóxica en si mesma, custe dos arqueólogos e medios auxiliares.*
- *Aumento dos custes financeiros motivados polo atraso dun ano da posta en servizo do aparcadoiro polas labores de arqueoloxía.*
- *Aumento dos custes da Dirección de Obra, Coordinación de Seguridade e Saúde e Dirección Técnica da Concesionaria.*

*A concesionaria cifra economicamente o incremento de custe polo cambio do método construtivo inverso pola inverso sen forxado intermedio, tendo en conta cada un destes conceptos mencionados, en 9.713.432, 53 €.*

*Como conclusión o contratista manifesta que “sumadas estas cantidades adicionais, que veñen impostas á concesionaria de forma sobrevida, ó presuposto xa recollido no Proxecto Construtivo e que serviu de base para o cálculo da rendibilidade da concesión, faría que esta carecese de rendibilidade e poñería en seria duda a continuidade do proxecto. E cando nos referimos a proxecto estamos falando da totalidade dos aparcadoiros do LOTE no2, xa que estes forman un LOTE no plan económico financeiro da concesión, aportando precisamente o aparcadoiro de*



*Rosalía de Castro o diferencial necesario para que a concesión sexa rendible, xa que contando só cos aparcadoiros de Jenaro e Castela a concesión carecería de rendibilidade”.*

*A arqueóloga municipal, no seu informe de data 23/09/2009, corrobora estes extremos ó por de releve que “a nova traza proposta reduce de 6 a 2 os puntos nos que efectuar unha escavación arqueolóxica ó tempo que diminúe considerablemente as sondaxes intermedias a realizar, o que supón unha redución moi importante do custe económico das actuacións arqueolóxicas e dos tempos de execución”. Así mesmo, corrobora a incompatibilidade do método construtivo previsto coa realización das escavacións arqueolóxicas, informando que “dado que a cota na que se atoparon as estruturas arqueolóxicas coincide coa do forxado intermedio, a execución deste e a escavación frontal para a realización do soto 2 son incompatibles coa realización das escavacións arqueolóxicas en área e sondaxes mecánicas requiridas”.*

*Respecto a variación do prezo contrato que implicaría esta modificación, non é posible determinala posto que segundo informa o Sr. Xefe do Servizo de Investimentos “O nivel de indeterminación no que se atopa a modificación construtiva proposta, do que se carece o importe inductor (orçamento de execución por contrata) a comprometer polo concesionario, a prognose de demanda do aparcadoiro reformado e a predición dos custes de explotación impide efectuar unha proxección, salvo que se reformulen as hipótese de cálculo, dos resultados da actividade ó longo do período concesional e, na súa consecuencia, imposibilita a determinación do efecto económico ou impacto que a modificación proposta traslada ó réxime financeiro do contrato”. En consecuencia, dado que o plan económico financeiro da concesión esta calculado para o lote dos tres aparcadoiros, e que o prazo concesional é de 50 anos, o menor custe que puidera implicar a construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro ó reducir a súa superficie non parece que a priori altere o prezo do contrato en contía superior a un 20% do mesmo, polo que non resulta preciso solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia.*

*Hai que resaltar, así mesmo, que esta modificación non implica unha novación contractual por cambio do obxecto do contrato aínda que este se reduza.*

*Cumpridos os trámites procedimentais de previa audiencia ó contratista (e non ser necesario o ditame do Consello Consultivo de Galicia) e materiais ó mediar o acordo do mesmo, resta analizar o cumprimento dos límites económicos, a sazón, a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

*Con relación a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña, no suposto que nos ocupa heimos de ter en conta que esta modificación é solicitada polo propio concesionario e que o mesmo renuncia a realizar reclamación económica ningunha ó Concello por consecuencia da redución de prazas que conleva a modificación de planta solicitada. Así, D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08/09/2009, manifesta que “a súa representada renuncia a realizar ningún tipo de reclamación económica ó Concello, que puidera corresponderlle por consecuencia da modificación de planta solicitada para o aparcadoiro de Rosalía de Castro, do que é concesionaria, en aplicación do artigo 163 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, Lei de contratos das Administracións Públicas, que impón á Administración a obriga de compensar ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato. En particular, non se reclamarán nin o maior custe de inversión que puidera supoñer o aparcadoiro coa nova traza, nin os menores ingresos que se deriven da redución de prazas nin os maiores custos de explotación”.*

*Se ben esta modificación non implica gastos para a Administración municipal, no entanto, é de ter en conta que a redución do número de prazas do aparcadoiro implica unha redución do canon a*

pagar, xa que este se fixa en función das prazas (artigo 62 PCAP), polo que resulta precisa a previa fiscalización do gasto por parte da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL). Neste senso, informa o Sr. Xefe do Servizo de Investimentos que “a redución de prazas do aparcadoiro permite determinar xa un custe certo para a administración contratante, que se traduce no menor canon que se liquidará nos exercicios ós que se estende a concesión”.

-IV-

A modificación da traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro coa conseguinte redución de prazas de aparcamento implica a previa modificación do artigo 2. 3 do PCAP que prevé que as capacidades mínimas de cada un dos aparcadoiros: “As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:

Lote 1: Rúa Areal 538 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.

Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Genaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 520 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”

O citado precepto quedaría coa seguinte redacción:

“As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:

Lote 1: Rúa Areal 320 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.

Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Jenaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 330 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”

Dado que se trata dunha concesión de servizo público, as modificacións do prego están suxeitas ó trámite de información pública durante trinta días regulamentado no artigo 121 RS. Cumprimentado o trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, compre que o órgano de contratación aprobe a devandita modificación.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL).

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

*“1º.- Modificar o artigo 2.3 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, o cal quedaría coa seguinte redacción:*

*“As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:*

*Lote 1: Rúa Areal 320 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.*

*Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Jenaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 330 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”*

*2º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro conforme ó Plano presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., que se adxunta ó presente informe.*

*3º.- Solicitar á mercantil concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza, para a súa aprobación polo órgano de contratación.*

*A hora de redactar o proxecto, han de terse en conta as seguintes precisións, fixadas polos diferentes servizos municipais con competencias na materia:*

- Deberá asumir os desvíos dos servizos soterrados que resulten afectados, nas mesmas condicións en que foron aprobados no proxecto anterior.*
- Deberase respectar o contemplado no proxecto inicialmente aprobado en canto a acabados superficiais da humanización da rúa (pavimentación, alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.) e desvío de servizos afectados.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **49(1781).- SEGUNDA TAXACIÓN PARA ADQUISICIÓN DOS INMOBLES SITUADOS NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ Nº 8, 10 E 12. EXPTE. 5104/307.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 3.12.09, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

*Na sesión extraordinaria do 21 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adquisición dos inmobles situados na rúa Abeleira Menéndez, 8, 10 e 12, por un importe de 1.701.000,98 euros, aos que hai que engadir o IVE (272.160,16 euros), cantidade resultante da taxación realizada pola empresa TINSA Tasaciones Inmobiliarias S.A.*

*En sesión ordinaria do 9 de novembro de 2009, a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de incorporación a este expediente 5104/307, do informe pericial emitido polo arquitecto municipal de Patrimonio, de data 05.11.09, no que se acepta e considera axeitada aos valores de mercado a taxación de TINSA e, daquela, considerar cumprido o trámite sinalado no informe da Asesoría Xurídica que figura no expediente.*

*En dito acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de novembro, dáse conta da solicitude de D. Francisco José Vázquez Blanco, como administrador de Zinnia Gestión, S.A., na que declara que:*

*“O Concello de Vigo, diríxese a miña empresa hai varios meses coa intención de adquirir uns edificios da propiedade da empresa que represento. Estes edificios sitos na rúa Abeleira Menéndez e concretamente nos números do 8 ao 12 da mesma rúa; o destino dos mesmos se anuncia como dirixidos a albergar algunha dependencia cultural, en concreto a pinacoteca da cidade.*

*Por parte da empresa que represento estivemos abertos á posibilidade de proceder á súa venda, e facilitamos aos servizos municipais canto se nos pediu para poder valorar e ordenar o expediente de compra.*

*Nos últimos días sorprendámonos con certas informacións periodísticas e algunhas declaracións de algún grupo político, que parecen pretender por en dúbida a honorabilidade da nosa empresa.”*

*Deste xeito, solicita que:*

*“1.- Que se proceda, si se estima conveniente, a solicitar unha retasación dos bens á venda, encargada polo Concello de Vigo a empresa debidamente autorizada, e que contrate a taxación feita e fiscalizada positivamente polos técnicos municipais.*

*2.- En nome da Empresa Zinnia, declara que si desa taxación do valor do Mercado, deduciranse diferencias dos valores hoxe existentes, aceptaríamos como prezo de venda o menor valor das dúas taxacións realizadas.”*

*Así, o Concello encargou unha nova taxación á empresa TECNITASA TECNICOS EN TASACIÓN S.A. dos referidos inmobles que ascende á cantidade de 1.605.952, 09 euros, excluído o IVE.*

*De tódolos xeitos, a empresa TECNITASA presenta un anexo a esta taxación, no que, téndose en conta o prevalor de Abeleira Menéndez, 8, baixo a hipótese de solo de equipamento sociocultural, resulta un valor do inmovible de 1.198.000 euros, polo que o valor total dos tres inmobles (Abeleira Menéndez, 8, 10 e 12) é de 1.575.000 euros (sen IVE).*

*Con data 3 de decembro de 2009, o administrador da empresa propietaria dos inmobles, Zinnia Gestión S.A., comparece neste Concello e declara “que acepta esta segunda oferta do Concello de Vigo por importe de 1.575.000 euros (sen IVE), en relación á adquisición dos inmobles sitos na rúa Abeleira Menendez nº 8, 10 e 12”.*

*Así as cousas, e habida conta de que esta última taxación é máis vantaxosa para os intereses municipais, o prezo dos tres inmobles é de 1.575.000 euros, ao que hai que engadir o IVE, 252.000 euros, polo que resulta un total de 1.827.000 euros.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a taxación realizada pola empresa TECNITASA TECNICOS EN TASACIÓN S.A., na que se valoran os inmobles situados na rúa Abeleira Menéndez, 8, 10 e 12, que se pretenden adquirir coa finalidade de albergar os fondos de pintura e escultura existentes no Museo municipal “Quiñones de León”, en 1.575.000 euros, aos que hai que engadir o IVE (252.000 euros).*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 1.312.030,39 (un millón trescentos doce mil trinta euros con seis céntimos) euros, dos que 1.060.030,39 euros son en concepto de prezo certo e 252.000 euros son en concepto de IVE, para facer fronte ao primeiro pago da adquisición de ditos inmobles neste ano 2009.*

*TERCEIRO.- Aplicar o primeiro pago do gasto da adquisición á partida orzamentaria 4531.6220001 “Adquisición en inmovible asociado ao Museo Quiñones de León”.*

*CUARTO.- Aprazar os 514.969,61 euros restantes, segundo o disposto no artigo 116.6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, na Disposición adicional segunda.13 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 174 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao exercicio orzamentario de 2010.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **50(1782).- PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 48833/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 3 de decembro emitido polo xefe da área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado, sen incremento económico, das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios e dependencias municipais.

#### **51(1783).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE PROCESAMENTO QUE DEA SOPORTE Á MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO, FASE II. EXPTE. 4132-113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 3 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á empresa TELINCO INFORMÁTICA, S.L.U., o procedemento negociado sen publicidade para a subministración dunha plataforma de procesamento que dea soporte á modernización administrativa do Concello de Vigo. Fase II ordenadores persoais, clientes lixeiros e ordenadores (Expediente: 4132-113) por un prezo sen IVE de 60.000 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 9.600 euros e o prezo incluído o IVE de 69.600 euros, e coas seguintes prestacións adicionais.

- Propón a entrega dos seguintes equipos:
  - 120 unidades de ordenadores persoais cun custo por unidade de 417,60 euros IVE incluído.
  - 40 unidades de clientes lixeiros cun custo por unidade de 313,20 euros IVE incluído.
  - 15 unidades de ordenadores portátiles cun custo por unidade de 464 euros IVE incluído.
- Diminúe o prazo de entrega en 3 días laborables.
- Aumenta o prazo de garantía en 60 meses.
- Propón un prezo anual de mantemento: sen custo durante 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23-11-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

**52(1784).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA SEGUNDA FASE DA ADAPTACIÓN DE ALGÚNS SISTEMAS DE XESTIÓN INTERNA DO CONCELLO. EXPTE. 4104/113**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa sesión do día 3 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á empresa INMATIA INNOVACIÓN, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación da segunda fase da adaptación de algúns sistemas de xestión interna do Concello para cumprir ca Lei de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos (expediente: 4104-113) por uns prezos, IVE incluído, de:

- Prezo en custo día de persoal adicado: 241, 58 euros
- Prezo anual do mantemento correctivo: 0 euros.
- Prezo do custo hora do persoal á demanda: 20 euros.

E coas seguintes prestacións adicionais:

- Amplía o período de garantía en 120 meses.
- A oficina de traballo estará situada en Vigo.
- Propón a execución do nº de procedementos relacionados por cada unha das seguintes tarefas:
  - 500 procedementos de definición de novas guías de tramitación 20%.
  - 1000 procedementos de definición de novos procedementos para a BDUAC e as altas na mesma.
  - 500 procedementos de novos procedementos con tramitación electrónica.
- O equipo que propón para a realización do proxecto está formado por:
  - Director de proxecto: enxeñeiro industrial.
  - Técnicos de desenvolvemento: un enxeñeiro en telecomunicacións e un licenciado en Ciencias empresariais.
  - Técnico de apoio: un enxeñeiro informático.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23-11-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá indicar a categoría profesional.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

**53(1755).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.